



XXVI Travesía Abelardo López -Regulamento-

ORGANIZACIÓN.-

Correrá a cargo da Concellería Municipal de Deportes de Ferrol, coa colaboración da Asociación de Padres y Amigos de Nadadores (Club Marina Ferrol), e estará rexida polas normas do presente Regulamento, co control da Delegación Ferrolana do Comité Galego de Árbitros.

DATA E HORA DE CELEBRACIÓN.-

A travesía celebrarse o domingo 28 de agosto de 2016, ás 13:00 horas.

LUGAR DA PROBA.-

A proba discurrirá sobre un triángulo, dentro do dique do Patio de Armas do Arsenal Miliar de Ferrol.

CATEGORÍAS.-

A	Masculina	Nados 2004 e posteriores
	Feminina	Nadas 2005 e posteriores
B	Masculina	Nados 2002-2003
	Feminina	Nadas 2003-2004
C	Masculina	Nados 2000-2001
	Feminina	Nadas 2001-2002
D	Masculina	Nados 1998-1999
	Feminina	Nadas 1999-2000
E	Masculina	Nados 1991-1997
	Feminina	Nadas 1991-1998
F	Masculina	Nados 1983 a 1990
	Feminina	
G	Masculina	Nados 1973 a 1982
	Feminina	
H	Masculina	Nados 1963 a 1972
	Feminina	
I	Masculina	Nados 1962 e anteriores
	Feminina	

PERCORRIDO.- Establécense dous percorridos:

Percorrido **A**: De 2.000 metros, para as categorías C-D-E-F-G

Percorrido **B**: De 1.000 metros, para as categorías A-B-H-I





INSCRICIÓN.- Son libres e poderán participar todos os nadadores que o desexen, posúan ou non licencia federativa.

Todas as inscricións ou calquera información deben dirixirse ao correo do CLUB MARINA FERROL, clubmarinaferrol@gmail.com, como data tope o **Xoves 25 de agosto**.

Os datos necesarios para a inscrición serán:

- **Número de licencia** (federados) ou **DNI** (non federados)
- **Nome e apelidos**
- **Data de nacemento** (día, mes e ano)
- Categoría de participación
- Club no que milita (participantes federados)

TROFEOS.-

Terán trofeo os seguintes participantes na travesía:

- Os tres primeiros clasificados en cada categoría, en masculino e en feminino.
- Os participantes máis xoven e de máis idade.
- Os vencedores absolutos da travesía, na categoría masculina e feminina, tanto nos percorridos A como B.

SEGURIDADE.-

Durante a celebración da travesía a Organización contará coa colaboración de Protección Civil, Cruz Vermella do Mar, Club de Piragüismo Copacabana, Club de Remo San Felipe e Club de Remo A Cabana.

A Organización ten suscrito un Seguro Colectivo de Accidentes e Responsabilidade Civil. De tódolos xeitos, a Organización recomenda aos participantes que, con anterioridade á proba, efectúen un recoñecemento médico específico e que realicen un adestramento axeitado para as características desta competición.

VARIOS.-

Non se poderán utilizar aletas, neoprenos, flotadores ou similares, nin ningún dos bañadores incluídos na lista vetada pola FINA.

FINAL.-

A travesía darase por finalizada aos 45 minutos seguintes de darse a saída. Todo participante que non finalizase a mesma nese tempo, quedará descalificado automaticamente.

*Nota: O acto da inscrición supón a conformidade co presente Regulamento.
A entrega de trofeos realizarase unha vez finalizada a proba.*





Percurso **A**: De 2.000 metros, para as categorías C-D-E-F-G



Percurso **B**: De 1.000 metros, para as categorías A-B-H-I

